

XORNADA DE ACOLLEMENTO

- A **xornada de acollemento** das Probas Libres LOE terá lugar o LUNS 3 de xuño ás **11:00 horas** no salón de actos do CIFP Anxel Casal-Monte Alto.
- Dirixida ao alumnado matriculado nas probas libres segundo a Orde do 5 de abril de 2013.
- Nesta xornada se transmitirá información precisa das probas, e aclararanse as dúbidas xurdidas.
- O centro realizará a **baixa de oficio da matrícula** da proba cando unha persoa matriculada non asista **inxustificadamente** á xornada de acollemento ou a calquera das partes en que se organiza a proba de cada módulo profesional.
- Para os efectos de determinación da baixa de oficio, a **comisión de avaliación** valorará as circunstancias na *xustificación desas faltas*, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.
- Contra a resolución da baixa de oficio da matrícula, a persoa solicitante poderá presentar **recurso de alzada** perante o xefe ou a xefa territorial no prazo máximo dun mes a partir da súa notificación. A devandita resolución esgotará a vía administrativa.

As persoas ás cales se lles aplique a baixa de oficio perderán a condición de persoa matriculada na proba, polo que non se terá en conta ningunha cualificación e non poderán presentar unha solicitude de inscrición nas probas do curso académico seguinte, e só poderán presentarse a esa convocatoria no caso de que haxa vacantes despois de resolto o proceso de admisión a que se refire **artigo 10** da Orde do 5 de abril de 2013.